# Total de prazas 0 a 3 anos: 827

**E.I.M. A CARACOLA / 82 PRAZAS**
Zona Novo Mesoiro - C/ Illas Cíes, s/n. 15190 A Coruña
T: 881 89 51 76 / E-mail: eicaracola@edu.coruna.es
http://periodicos.edu.coruna.es/eimacaracola/

**Secretaría:** de luns a venres de 9:15 a 13:15 h e venres de 14:00 a 16:00 h.
**Apertura e peche:** de 8:00 a 16:00 h.
**Horario escolar:** de 9:00 a 15:00 h.
**Servizos mínimos vacacións de** 8:00 a 15:00 h

**E.I.M. ARELA / 115 PRAZAS**
Zona 2ª fase Elviña - Avda. de Oleiros, s/n. 15008 A Coruña
T : 981 23 77 17 / E-mail: eiarela@edu.coruna.es
http://www.eiarela.com

**Secretaría:** de luns a xoves, de 10:30 a 13:30 h. e de 15:00 a 16:00 h.
venres de 10:30 a 13:30 h.
**Apertura e peche:** de 8:00 a 16:00 h.
**Horario escolar:** de 10:00 a 16:00 h.
**Servizos mínimos vacacións de** 8:00 a 16:00 h (nadal, entroido e S. Samta) e de 8 a 15 en Xullo

**E.I.M. CARRICANTA / 115 PRAZAS**
Zona Castrillón - C/ José María Hernánsaez, s/n. 15009 A Coruña
T: 981 17 03 06 / E-mail: eicarricanta@edu.coruna.es

**Secretaría:** luns a venres de 9:30 a 13:30 h. e xoves de 15:00 a 17:00 h.
**Apertura e peche:** de 7:45 a 17:00 h.
**Horario escolar:** de 9:00 a 15:00 h.
**Servizos mínimos vacacións de 7:45** a 15:00 h

**E.I.M. LOS ROSALES / 123 PRAZAS**
Zona Rosales - C/ Alfonso Rodríguez Castelao, s/n. 15011 A Coruña
T: 881 89 64 13 Fax: 881 87 95 86 / E-mail: eirosales@edu.coruna.es

**Secretaría:** de luns a venres de de 9:30 a 13:00 h. e de 15:00 a 16:00 h.
**Apertura e peche:** de 7:30 a 16:00 h. ou 17:00 h. (*)
**Horario escolar:** de 9:00 a 15:00 h.
**Servizos mínimos vacacións de** 7:30 a 15:00 h

**E.I.M. LUIS SEOANE / 87 PRAZAS**
Zona Monte Alto - C/ Vigía, s/n. 15002 A Coruña
T: 81 21 18 38 Fax: 9981 21 10 37 / E-mail: eilseoane@edu.coruna.es

**Secretaría:** de luns a venres de 10:00 a 12:00 e de 15:00 a 16:00
**Apertura e peche:** de 7:30 a 16:00 ou 17:00 h (*).
**Horario escolar:** de 9:00 a 15:00 h.
**Servizos mínimos vacacións de** 7:30 a 15:00 h

**E.I.M. MONTE ALTO / 41 PRAZAS**
Mercado Monte Alto - C/ Forcarey, s/n. 15002 A Coruña
T: 981 20 12 23 / E-mail: eimontealto@edu.coruna.es
http://periodicos.edu.coruna.es/montealto/

**Secretaría:** luns a venres de 9:30 a 10:30 h, e luns de 16:00 a 17:30 h. En período de solicitudes e tamén os mércores de 16:00 a 17:30 h
**Apertura e peche:** de 7:45 a 16:00 ou 17:00 (*)
**Horario escolar:** de 9:00 a 15:00 h.
**Servizos mínimos vacacións de** 7:45 a 15:00 h

**E.I.M. OS CATIVOS / 87 PRAZAS**
Zona Palavea - C/ Río de Quintás, s/n. 15009 A Coruña
T: 981 29 69 95 / E-mail: eioscativos@edu.coruna.es

**Secretaría:** luns a venres de 8:00 a 12:00 h, e de 14:30 a 17:00 h.
**Apertura e peche:** de 7:30 a 16:00 ou 17:00 ou 18:00 (*)
**Horario escolar:** de 8:00 a 14:00 h ou de 9:00 a 15:00 h
**Servizos mínimos vacacións de** 7:30 a 15:00 h

**ESCOLA INFANTIL CARMEN CERVIGÓN (I.B.S. Padre Rubinos) / 95 PRAZAS**
(I.B.S. Padre Rubinos) -Zona Labañou-Ronda de Outeiro 325. 15011 A Coruña
T: 981 90 11 22 Fax: 881 84 47 82 / escuelainfantil@padrerubinos.org
Web: www.padrerubinos.org

**Secretaría:** de luns a venres de 9:30 a 13:30 h. e de 16:00 a 17:00 h.
**Apertura e peche:** de 7:30 a 17:00
**Horario escolar:** de 9:00 a 15:00 h.
**Servizos mínimos vacacións de** 7:30 a 15:00 h

**E.I.M. AGRA DO ORZAN / 82 PRAZAS**
Zona Agra do Orzán - Esq Antonio Pedreira Ríos con Alcalde Liaño Flores s/n
15011 Coruña
T: 603749804 / E-mail: eimagraorzan@gmail.com

**Secretaría:** de luns a venres de 09:00 a 14:00h en período de solicitudes e matrícula tamén os mércores de 15:00 a 17:00 h.
**Apertura e peche:** de 08:00 a 16:00 h.
**Horario escolar:** de 9:00 a 15:00 h.
**Servizos mínimos vacacións de** 8:00 a 15:00 h

(*) O horario de apertura e peche poderá ser modificado cunha demanda igual ou superior ao 25% das familias ou representantes legais con menores matriculados na escola.

# Rede

## escolas infantís municipais



PROCESO DE ADMISIÓN DE ESCOLARES
CURSO 2015-2016

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña
CORUÑA EDUCACIÓN
coruna.es

# 2015-2016



Reim

# Rede de escolas infantís municipais | Proceso de admisión de escolares curso 2015-2016

Referencia legal: Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís integradas na rede de escolas infantís municipais do Concello da Coruña (BOP 15 de abril de 2014).

## PUBLICACIÓN DAS PRAZAS DISPOÑIBLES PARA O CURSO 2015-2016: 24 DE ABRIL

Realizada a reserva de prazas nas escolas da REIM, **nas datas do 7 ao 17 de abril**, publicaranse o día **24 de abril** nas escolas da rede e na web educativa municipal as prazas dispoñibles para o vindeiro curso 2015-2016.

## NOVOS INGRESOS para os nacidos en 2013, 2014 e 2015:

- Prazo de solicitude: **Do 27 de abril ata o 15 de maio (ambos incluidos)**
- Celebración dos Consellos Escolares: **18, 19 e 20 de maio**
- Comisión de escolarización: **22 de maio**
- Publicación dos listados provisionais: **26 de maio**
- Prazo de reclamacións: **26, 27 e 28 de maio**
  *As reclamacións consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas. Durante este período, non serán admitidos nin valorados novos documentos que non fosen presentados no prazo de solicitude.*
- Publicación das listas definitivas e listas de agarda: **1 de xuño**
- Prazo de matrícula: **do 1 ao 12 de xuño**

Poderá solicitarse praza **nun máximo de 2 Escolas Infantís Municipais.** Presentarase a documentación esixida en cada unha delas. De incumplirse esta norma, o solicitante pasará a ocupar o último lugar da relación de solicitantes, independientemente da puntuación obtida.

**INICIO DO CURSO ESCOLAR 2015-2016: 3 de setembro de 2015**

## REQUISITOS DE ACCESO (artígo 24.3)

- Ter cumpridos, como mínimo, os 3 meses de idade na data de comezo do curso, e non ter cumpridos os 3 anos a 31 de decembro do 2015
- Poderase flexibilizar este requisito para aqueles/as menores con NEAE susceptibles de integración. Para iso, presentarase ante a Comisión de Escolarización un informe do Equipo de Orientación Específico ou outra entidade pública especializada, en que se certifique oficialmente a discapacidade, acompañada dun informe da Dirección da escola en que se valore se os recursos estruturais, materiais e humanos de que dispón son os adecuados para a educación e atención do/a menor..

## CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DE NOVO INGRESO (artigo 24.4)

**1. Criterios de prioridade**

- En primeiro lugar, terán preferencia para obter praza os menores que acrediten vivir empadroados no Concello con algún dos seus proxenitores e titores con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano en que se solicita a praza.
- En segundo lugar, e se existisen vacantes, poderán obter praza os/as menores empadroados no Concello con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano en que se solicita praza.
- En terceiro lugar, e se existiren vacantes, poderán obter praza os menores empadroados noutros concellos, sempre que algún dos seus proxenitores e titores traballe nunha entidade pública ou privada situada no termo municipal do Concello.
- En cuarto lugar, e se existisen prazas vacantes, poderán obter praza menores doutros concellos.

**2. Criterios de baremación:**

### Renda anual da unidade familiar:

Tramos para puntuar a renda anual da unidade familiar referida ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples), contía para o ano 2013: 7.455,14 €/ano

| | |
|---|---|
| •Inferior ao 100% do IPREM (inferior a 7.455,13 €): | 4.00 puntos |
| •Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM (entre 7.455,14 € e 9.318,91 €) | 3.75 puntos |
| •Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM (entre 9.318,92 € e 11.182,70 €) | 3.50 puntos |
| •Entre o 150% e inferior ao 175% do IPREM (entre 1.182,71 € e 13.046,48 €) | 3.25 puntos |
| •Entre o 175% e inferior ao 200% do IPREM (entre 13.046,49 € e 14.910,27 €) | 3.00 puntos |
| •Entre o 200% e inferior ao 225% do IPREM (entre 14.910,28 € e 16.774,05 €) | 2.75 puntos |
| •Entre o 225% e inferior ao 250% do IPREM (entre 16.774,06 € e 18.637,84 €) | 2.50 puntos |
| •Entre o 250% e inferior ao 275% do IPREM (entre 18.637,85 € e 20.501,62 €) | 2.00 puntos |
| •Entre o 275% e inferior ao 300% do IPREM (entre 20.501,63 € e 22.365,41 €) | 1.50 puntos |
| •Entre o 300% e inferior ao 325% do IPREM (entre 22.365,42 € e 24.229,19 €) | 1.00 puntos |
| •Entre o 325% e inferior ao 350% do IPREM (entre 24.229,20 € e 26.092,98 €) | 0.50 puntos |
| •Superior ao 350% do IPREM (superior a 26.093,00 €): | 0.00 puntos |

Datos tributarios referidos á declaración do IRPF correspondente ao ano 2013 (cadros 366 e 374).

### Situación sociofamiliar:

| | |
|---|---|
| •Minusvalía do menor solicitante (mínimo 33%) | 3.00 puntos |
| •Condición de familia numerosa | 3.00 puntos |
| •Irmáns solicitando praza simultáneamente | 3.00 puntos |
| •Primer irmán/á con praza renovada na REIM | 3.00 puntos |
| •Por cada membro da unidade familiar | 2.00 puntos |
| •Condición de familia monoparental | 2.00 puntos |
| •Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade que non sexa o menor para o que se solicita a praza (mínimo 33%) | 2.00 puntos |
| •Por cada un dos irmáns seguintes con praza renovada na REIM: | 1.00 puntos |

### Situación laboral

| | |
|---|---|
| •Ocupación da nai (mínimo 4 horas diarias): | 4.00 puntos |
| •Ocupación do pai (mínimo 4 horas diarias): | 4.00 puntos |
| •Situación laboral de desemprego da nai: | 2.00 puntos |
| •Situación laboral de desemprego do pai: | 2.00 puntos |

No caso de familia monoparental a puntuación correspondente adxudicarase multiplicada por dous.

**3. Criterios de desempate para aplicar en orde preferente:**

- Maior puntuación por irmáns nas escolas da REIM (con praza renovada)
- Presentación da solicitude de praza para máis dun irmán no mesmo curso escolar
- Minusvalía do menor solicitante
- Situación laboral de ocupación de ambos proxenitores ou titores así como do pai ou nai no caso de familia monoparental
- Puntuación por outros membros a cargo da unidade familiar
- Minusvalía doutro membro da unidade familiar
- Maior puntuación por renda
- Sorteo de letra realizado pola Consellería competente na materia. (Primeiro apelido "h-e", segundo apelido "w-i")

## DOCUMENTACIÓN

- **Impreso de solicitude de praza**, facilitado en cada escola da REIM e na web www.edu.coruna.es
- **Volante de convivencia** (documento orixinal)
- **Fotocopia do DNI ou NIE** de ambos proxenitores ou titores legais.
- **Fotocopia do Libro de familia** ou documento que o substitúa legalmente.
- **Discapacidade:** fotocopia do certificado expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia (ou equivalentes doutras administracións).
- **Impreso de autorización** para a obtención de datos tributarios correspondentes ao ano fiscal que corresponda asinado por ambos pais ou titores, tanto si óptase por tributación conxunta ou individual.
  *As persoas non obrigadas a declarar presentarán igualmente a dita autorización. É obrigación e responsabilidade das familias estar ao corrente dos seus datos fiscais ante a Axencia Tributaria.*
  *Non se terán en conta os datos das familias sobre as que Facenda non certifique o peche do ano fiscal correspondente ou non estean dados de alta na AEAT.*
- **Situación laboral dos proxenitores** ou titores legais: *No caso de persoas traballadoras por conta allea*: vida laboral ou certificado de empresa actualizados no mes de abril.
  *No caso de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas*: copia do último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia ou da correspondente mutualidade.
  Nos casos de *baixas maternais ou excedencias de traballo*: presentarase xustificante da Seguridade Social ou certificado da empresa, respectivamente, con indicación da data de incorporación, que deberá ser anterior ao 1 de outubro.
- **A situación de desemprego** acreditarase coa certificación de ser demandante de emprego da nai, pai ou titores legais, con efectos desde o mes de abril.
- **A condición de familia numerosa** acreditarase coa copia do título de familia numerosa actualizado.
- No caso de separación/divorcio ou familia monoparental: copia da sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais, no caso de **familia monoparental**. Enténdese por familia monoparental a unidade familiar formada por unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra persoa proxenitora non contribúa económicamente ao seu sustento.
- No caso de **acollemento** presentarase copia de resolución administrativa

*Para poder obter as puntuacións establecidas en todos os criterios de valoración é necesario que se constate o total cumprimento das condicións requiridas con anterioridade á data de finalización do período de presentación de solicitudes. A presentación desta documentación ten carácter obrigatorio. A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido, supón a renucia implícita a ser valorado no apartado correspondente do baremo establecido.*

## TARIFAS DAS E.I.M. PARA O CURSO 2015-2016

### Tarifas de atención educativa e servizo de orientación:

- **Tarifa xeral: 116 €/mes** (Familias con ingresos netos per cápita(*) superiores a 4.377,01 €/ano)
- **Tarifa A: 49 €/ mes** (Familias con ingresos netos per cápita(*) inferiores a 2.923 €/ano)
- **Tarifa B: 79 €/ mes.** (Familias con ingresos netos per cápita(*) entre 2.923,01 € e 4.377 €/ano)
- **Tarifas gratuitas: 0€/mes** (Familias que se acollan ao artigos 27.6 e 27.7 do Regulamento)
- **Tarifa escolar para menores non empadroados no municipio: 250 €/mes.**

*(*) **A renda per cápita da unidade familiar** será a resultante da suma total dos ingresos anuais de todos os membros da unidade familiar, dividida entre o número de persoas que compoñen a dita unidade familiar. Para estes efectos, considerarase **unidade familiar** a formada polo solicitante, os pais ou titores, os irmáns menores de idade (ou maiores cunha discapacidade igual ou superior ao 33%) que convivan co solicitante e figuren no **libro de familia ou documentación acreditativa da situación familiar establecida polo SME.** Nas familias monoparentais, incrementarase un 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.*

## OUTRAS TARIFAS COMPLEMENTARIAS:

**COMEDOR:** 70 €/ mes
**ALMORZO:** 12 €/mes
**MERENDA:** 20 €/mes
**AMPLIACIÓN DE XORNADA:** por cada hora de ampliación: 14 € / mes

**+ info: www. edu.coruna.es**